

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: “**Renovación de alumado público anexo á N-547 no concello de O Pino**”

NECESIDADE A CUBRIR: Preténdese por parte do Concello o arranxo e instalación de equipo de varias instalacións de alumado público en varios lugares do Concello de O Pino.

FINANCIAMENTO: A actuación do Proxecto redactado polo enxeñeiro técnico industrial Pablo Rojo Losada, de Estudio Técnico Gallego, denominado “**Renovación de alumado público anexo á N-547 no concello de O Pino**” está subvencionada polo programa de axudas a entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa no carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (convocatoria regulada polo RD 616/2017, do 16 de xuño de 2017 e RD 1516/2018, do 28 de decembro de 2018) correspondente ao proxecto obxecto do expediente nº: FEDER-EELL-2018-000381 e P88AAA notificada en data de 06/02/2019 mediante resolución do director xeral de IDAE de data 05/02/2019.

PRAZO DE EXECUCIÓN: 2 meses

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 144.598,83 euros.

IVE (21%): 30.365,75 euros.

ORZAMENTO TOTAL POR CONTRATA: 174.964,58 euros.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 165.63703

RESPONSABLE DO CONTRATO: O enxeñeiro técnico industrial Pablo Rojo Losada, de Estudio Técnico Gallego.

DOCUMENTACIÓN PREPARATORIA QUE SE XUNTA:

Proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico industrial Pablo Rojo Losada, de Estudio Técnico Gallego, febreiro 2019.

Informe asinado enxeñeiro técnico industrial Pablo Rojo Losada, de Estudio Técnico Gallego en data de 24 de xuño de 2019, en relación a supervisión técnico do proxecto, manifestando que, “Tendo en conta o orzamento do proxecto e o seu contido, xa que se trata de obras que non afectan a estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra, e de acordo co establecido no artigo 235 da Lei de contratos do sector público, Lei 9/2017, do 9 de marzo, a xuízo do técnico que subscribe non é preciso realizar supervisión técnica do proxecto.”

Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 126.1 do TRLCSP, asinada en sentido favorable enxeñeiro de camiños Julio C. RojoMartínez, de Estudio Técnico Gallego en data de 20/02/2019,” resultando unha sensible coincidencia coa realidade, sen que seaprecien dificultades para a súa execución con adaptación aos terreos postos a disposición polo concello.

Informe de viabilidade asinado polo enxeñeiro técnico industrial Pablo Rojo Losada, de Estudio Técnico Gallego en data de 24 de xuño de 2019, no que manifesta que “Tendo en conta as características da obra, e que se corresponde a unha substitución de varios alumados xa existentes, o proxecto cumpre coa normativa urbanística e é urbanísticamente viable.”

O obxecto do contrato non resulta susceptible de ser dividido en lotes. Consta informe asinado polo enxeñeiro técnico industrial Pablo Rojo Losada, de Estudio Técnico Gallego

en data de 24 de xuño de 2019 onde se di literalmente “Por tratarse de unha obra completa tal como se reflicte en proxecto, de pouca entidade no seu conxunto e as partidas que o compoñen son relativamente pequenas, entende o técnico que subscribe que contratar a mais de unha empresa incluso entorpecería a boa marcha na execución da obra.”.

Para os efectos previstos no artigo 28.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017-, en calidade de órgano de contratación, xustifícase a necesidade de acudir ao contrato administrativo de obras en base á insuficiencia de medios persoais e materiais, xa que o concello non dispón de equipos de rega asfáltico co que realizar as actuacións proxectadas.

O procedemento para a contratación da obra será o procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática regulado con no artigo 156 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP. Proponse o emprego de criterios non unicamente determinados polo factor prezo co obxecto de acadar a mellor relación calidade-prezo, de conformidade co disposto no artigo 131.2 da LCSP. Para iso, teranse en conta os seguintes criterios en base ao establecido no artigo 145.2 da LCSP:

- Criterios de calidade como o valor técnico, así como as características medioambientais e sociais.
- A organización dos traballos e o capital humano da empresa, aos efectos de acadar a mellor fin da obra.
- Condicións de entrega como a redución dos prazos e os compromisos de garantía sobre o executado.

Para a presentación do presente contrato esíxese a presentación de ofertas empregando medios electrónicos.

Prego regulador da contratación que servirá como base para a adxudicación, determinando a licitación do mesmo mediatne procedemento aberto, no que todo empresario intersado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

Informe de secretaria-intervención.

A vista do expediente de contratación tramitado, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **RESOLVO**

PRIMEIRO.- Avocar a competencia da Xunta de Goberno Local en base ao artigo 10 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto para o proxecto de obra **“Renovación de alumeado público anexo á N-547 no concello de O Pino”**

TERCEIRO.-Autorizar o gasto correspondente: _

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 144.598,83 euros.

IVE (21%): 30.365,75 euros.

ORZAMENTO TOTAL POR CONTRATA: 174.964,58 euros.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 165.63703

CUARTO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescripcóns técnicas que rexerán o contrato.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no perfil do contratante (plataforma de contratos del estado).

SEXTO.- Publicar no perfil do contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescripcóns técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

SÉTIMO.- Finalizado o prazo de presentación de proposición, procederase á apertura das proposicións e á súa valoración.

OITAVO.- Dar conta á Xunta de Goberno Local.

NOVENO.- Dar conta ó Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFRXEL.

O Pino, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde, Manuel Taboada Vigo